



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

D. Daniel Angel Lamas Bello, Secretario do Concello de A Illa de Arousa (Pontevedra)

CERTIFICO

Que a Xunta de Goberno local deste Concello, en sesión celebrada en data 07 de setembro de 2016, adoptou entre outros o acordo que transcrito literalmente di:

“4.- INFORMES DE SERVICIOS.

4.1.- Dáse conta do expediente de licitación da obra de “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO CAMIÑO DE AREA DE SECADA” e se informa que a adxudicación se pretende por procedemento negociado sen publicidade por razón da cuantía, que a Mesa de Contratación propuxo a adxudicación á entidade Construcións, Obras e Viais SA (COVSA SA), por un importe de 41.567,00 euros e 8.729,07 euros en concepto de IVA, cun total de 50.296,07 euros, cunhas melloras consistentes en subministro de 40 m3 base granular de zahorra artificial, medida unha vez extraída, transportada, extendida e perfilada con motoniveladora e compactada ata a densidade máxima esixida do 100% do ensaio proctor normal ou do 96% do ensaio proctor modificado a 20,77 euros, cun total de 830,80 euros de execución material, e unha ampliación no prazo de garantía de seis meses sobre o inicial sinalado no pleigo de cláusulas administrativas particulares, e que unha vez calificadas e ordenadas as proposicións presentadas a citada entidade presentou a documentación a que fai referencia o artigo 151.2 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade de todos os membros da Xunta de Goberno Local:

- 1.- Adxudicar a obra de “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO CAMIÑO DE AREA DE SECADA”, á entidade Construcións, Obras e Viais SA (COVSA SA), con CIF nº A-36.008.886, por un importe de 41.567,00 euros e 8.729,07 euros en concepto de IVA, cun total de 50.296,07 euros, cunhas melloras consistentes en subministro de 40 m3 base granular de zahorra artificial, medida unha vez extraída, transportada, extendida e perfilada con motoniveladora e compactada ata a densidade máxima esixida do 100% do ensaio proctor normal ou do 96% do ensaio proctor modificado a 20,77 euros, cun total de 830,80 euros de execución material, e con estricto cumprimento ó disposto no proxecto técnico da obra e pleigo de cláusulas administrativas particulares, cun prazo de execución de cuarenta días e un prazo de garantía de dous anos e seis meses.
- 2.- Nomear Directora de Obra a Arquitecta Municipal Dña. Pastora Parada Portas.
- 3.- Autorizar ó Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do correspondente contrato.
- 4.- Dar traslado do presente acordo á empresa adxudicataria e ás demais participantes na licitación, ós efectos oportunos.
- 5.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante do Concello de A Illa de Arousa.””

Para que así conste, ós efectos oportunos, expido o presente por orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente e ca salvedade do artigo 206 do ROF, na Illa de Arousa, a 07 de setembro de 2016.

Vº e Praxe
ALCALDE PRESIDENTE

Asdo. Carlos Iglesias Cores

O SECRETARIO

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello